

"TODOS OS CANS DEBEN SER IDENTIFICADOS CON MICROCHIP"

Por Isabel Kerdudo

Xosé Luis Riveiro traballou en Euskadi como Xefe de Urgencias nun Hospital Veterinario antes de se encargar dun proxecto de I+D para pór en marcha un número 112 na Comunidade de Madrid. Na actualidade é propietario da empresa de servizos veterinarios Servet e responde ás chamadas ao 092 da Policía Local do Concello de Santiago de Compostela para atender os animais soltos ou feridos na vía pública.



Miguel Muñiz

Xosé Luis Riveiro.

- En que consiste o traballo de Servet?

A sociedade Servet asinou un convenio co Concello de Santiago de Compostela para achegar asistencia veterinaria aos animais abandonados ou vítimas de atropelos e trasladalos até o Refuxio de Animais de Bando. Dispoño dunha ambulancia e dunha UVI dotada dun quirófano, un equipo de radiografía dixital, un ecógrafo en 3D... Quedou desfasada a idea do laceiro, un home que andaba cun lazo para coller os cans pola forza e trasladalos á canceira. As palabras que empregamos son importantes. O laceiro desapareceu para deixar no seu lugar a un veterinario e a canceira converteuse nun refuxio.

- Que porcentaxe de cans están identificados por microchip?

No Concello de Santiago aproximadamente o 3% dos cans están identificados tal como o obriga a Lei de Protección Animal desde o 2 de xullo de 2003, (Decreto 90/2002). É unha cifra moi baixa e non mellorará se non se toman medidas de control para os animais cando pasean pola vía pública,

polos parques, nos coutos de caza como se practica nalgúns Comunidades. A experiencia mostra que estes controis inciden de forma relevante na diminución de abandonos. O microchip ou "transponder" é unha cápsula portadora dun dispositivo electrónico que pode ser lido por un lector específico. Os veterinarios, a

Policía Local, os membros de Protección Civil, os Axentes Forestais e as Protectoras deberían estar dotados destes lectores. Os datos dos propietarios están rexistrados no REGIAC (Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía), entidade xestionada polo Colexio de Veterinarios e garanten localizar o responsábel dun can para poder recollelo. O seu custo é de tan só uns 35 e evita moita perda de tempo e preocupación para todas as persoas implicadas.

- Algunha recomendación para os responsábeis de cans?

Que identifiquen os seus animais de compañía canto antes e que lles coloquen no seu collar unha medalla co seu número de teléfono. Lembren tamén que está prohibido deixar os cans soltos pola vía pública, tanto pola súa seguridade como pola dos automobilistas, xa que poden provocar un accidente.

CANS EN ADOPCIÓN SETY Adoptaron a Lavi!



SEVY é un macho cruce de Setter de dous anos. Ingresou no Refuxio coa súa nai e máis dúas irmáns o 30 de decembro de 2006, onde permanece despois de que toda a súa familia, agás el, fose adoptada. Ten un carácter excelente, é un can moi cariñoso e rebuldeiro. O seu pelo medio é branco cunhas manchas rubias que lle dan un toque moi particular. Está vacinado, desparasitado, esterilizado e leva microchip. Para realizar os trámites debes dirixirte ao Refuxio de animais de Bando, en Santiago de Compostela, de luns a domingo entre ás 10:30h. e ás 13:30h.

- ▶ Teléfonos : 981 575 957 / 646 492 835
- ▶ E-mail: asociacionabeiro@gmail.com
- ▶ Web: refuxio@refuxio.org